

NOTA DE PRENSA DA COORDINADORA GALEGA DE ENDL

Representantes da Coordinadora Galega de ENDL reuníronse esta tarde nas dependencias da Xunta de Galicia co Conselleiro de Educación, don Jesús Vázquez, e o Secretario Xeral de Política Lingüística, Anxo Lorenzo, no marco das consultas establecidas para coñecer as valoracións e as propostas dos representantes da comunidade educativa, das institucións e de diferentes colectivos sociais a respecto das “Bases para a elaboración do Decreto do Plurilingüismo”.

A CGENDL presentou unha análise crítica do documento e unha serie de propostas elaboradas coas achegas de equipos e docentes de centros de ensino públicos e privados de toda Galicia e aprobadas na reunión da Xunta de Comarcas do pasado sábado 16 de xaneiro.

A xuntanza celebrouse nun clima respectuoso e cordial mais o desencontro foi claro en aspectos clave como a presenza do galego como lingua vehicular nun 50% das horas lectivas nos diferentes niveis educativos, necesidade que se fai máis precisa en Infantil. A Coordinadora entende que, segundo as bases presentadas polo goberno galego, non se asegura a presenza do galego nesta etapa, da que pode quedar excluído, o que faría imposible que os nenos e as nenas puidesen acadar a competencia lingüística en lingua galega tal e como indica a lexislación. Ademais, para o colectivo dos equipos de Normalización o modelo deseñado pode xerar unha problemática na súa aplicación que derivaría nun conflito non desexado nos centros.

En relación con isto, a CGENDL fíxolle ver ao Conselleiro e a Anxo Lorenzo que a lingua é unha cuestión apartidaria que está por riba de ideoloxías, polo que emprazaron ao goberno galego a voltar ao consenso do Plan Xeral de Normalización da Lingua Galega para elaborar un marco que, á luz da análise compartida en 2004 polas organizacións políticas e a comunidade educativa no seu conxunto, garante un tratamento compensatorio para o galego no ensino. En cambio, na opinión da CGENDL, se o goberno galego decide aplicar este borrador para o Decreto do Plurilingüismo estaría acabando co galego no ensino.